

CONVOCATORIA DE PRAZAS NAS RESIDENCIAS UNIVERSITARIAS DA UDC. CURSO 2022-2023

A Universidade da Coruña convoca prazas para o estudantado da UDC nas Residencias Públicas Universitarias dos Campus da Coruña e Ferrol. Curso 2022- 2023.

PRAZAS OFERTADAS:

- Residencia Pública Universitaria Elvira Bao, A Coruña, 108 prazas.
- Residencia Pública Universitaria, Ferrol, 25 prazas

Destas prazas totais realizaranse as seguintes reservas:

Alumnado	Residencia Elvira Bao	Residencia Univ. Ferrol
Alumnado 1º por 1ª vez	22	5
Convenios asinados pola UDC	2	2
Alumnado de mobilidade internacional	6	2
Alumnado con mobilidade reducida	2	1
Deportistas de alto nivel, e alto rendemento	3	1

DESTINATARIOS: Alumnado de Grao e Máster oficial que se matricule a tempo completo nun centro da UDC, nos campus da Coruña e Ferrol, para o curso 2022/23. Requisitos:

En relación coa vivenda habitual:

- Residencia Pública Universitaria da Coruña, Elvira Bao: como regra xeral o domicilio familiar deberá estar fóra do municipio da Coruña ou da súa área metropolitana, que comprende os municipios da Laracha, Carballo, Betanzos, Oza-Cesuras, Miño, Curtis, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Bergondo, Sada, Abegondo, Carral, Cerceda e Ordes. Para valorar isto terase en conta a distancia entre o domicilio familiar durante o curso e o centro docente, os medios de comunicación existentes así como as súas frecuencias e os horarios lectivos

- Residencia Pública Universitaria de Ferrol: como regra xeral o domicilio familiar deberá estar fóra do municipio de Ferrol ou da súa área metropolitana, que comprende os municipios de Miño, Cabanas, Pontedeume, Fene, Narón, Valdoviño, Neda, Ares, Mugardos e Cedeira. Para valorar isto terase en conta a distancia entre o domicilio familiar durante o curso e o centro docente, os medios de comunicación existentes así como as súas frecuencias e os horarios lectivos.

Nota media:

- Alumnado de primeiro por primeira vez na UDC: O estudantado que acceda por primeira vez aos estudos universitarios a través das probas de avaliación do bacharelato para o acceso á universidade (ABAU) deberá obter nas ditas probas unha cualificación igual ou superior a 5, excluída a nota da parte voluntaria. No caso do alumnado que acceda por primeira vez a estudos universitarios por outras vías, deberá ter unha nota media igual ou superior a 5 nos estudos que lle dean acceso. Alumnado de máster por primeira vez na UDC deberá ter unha nota media igual ou superior a 5 nos estudos de acceso ao máster.

- Alumnado que continúe os seus estudos nun grao ou máster universitario oficial da UDC: ter como mínimo a media no expediente académico: estudos de ensinanzas técnicas 3,5. Restantes estudos universitarios: 4.

- Non superar os límites de renda e patrimonio familiar marcados no RD 154/2022 do 22 de febreiro, polo que se establezan os límites de renda e patrimonio para obter as bolsas e axudas do Ministerio de Educación e Formación Profesional no curso 2022/23, ou ter unha renda persoal dispoñible superior aos 13500 €.

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: ata o 15 de xullo de 2022 ás 14:00 horas

Alumnado que vaia continuar estudos: utilizará a Plataforma para solicitudes, na páxina web da UDC.

Alumnado que vaia matricularse por primeira vez na UDC, debe solicitar a praza descargando e enchendo o formulario accesible a través da páxina web da UDC. Deberán asinalo, xunto cos demais membros computables da unidade familiar, e presentalo xunto coa documentación requirida na convocatoria en:

- a) A Coruña: na Sección de Bolsas, Pavillón de Estudantes (campus de Elviña)
- b) Ferrol: Negociado de Asuntos Xerais (campus de Esteiro)

MÁIS INFORMACIÓN: www.udc.es

Universidade da Coruña. Sección de bolsas. Teléfono 981 167 000 Consultas sobre a convocatoria: axudas.aloxamento@udc.es co asunto: "residencias universitarias /prazas residencias".

Espazos de Información Xuvenil do Concello da Coruña

Tel.: 981 184 294 ☎ 606 362 366

cmix@coruna.es www.coruna.gal/informacionjuvenil